

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA DO RIO MIÑO - AECT RIO MIÑO- PARA A IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓNS DE MOBILIDADE SUAVE NA PONTE DO CENTENARIO ENTRE TUI E VALENÇA, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA DO RIO MIÑO - AECT RIO MIÑO- PARA A IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓNS DE MOBILIDADE SUAVE NA PONTE DO CENTENARIO ENTRE TUI E VALENÇA, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA.

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, na súa condición de Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

E doutra, D. Uxío Benítez Fernández, na súa condición de Director da Agrupación Europea de Cooperación Trasfronteiriza (AECT Rio Minho), NIPC 514724790, en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 14 dos Estatutos da AECT Rio Minho publicados na 2ª Serie do Diario da República Portuguesa do 8 de marzo de 2018.

E dando fe do acto que se celebra D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.



Todas as partes se recoñecen mutua e reciprocamente plena capacidade para o outorgamento do presente instrumento e, a tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro.- A Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza (AECT) do Rio Minho é unha persoa xurídica de dereito público, constituída pola Deputación de Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal (CIM) do Alto Minho, co obxectivo de promover a cooperación territorial transfronteiriza. O AECT Rio Minho constituíuse ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1082/2006, do 5 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, modificado polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a través de escritura pública celebrada o 24 de febreiro de 2018, sendo publicado este acto na 2.ª Serie do Diario da República Portuguesa do 8 de marzo de 2018, rexistrado no Comité das Rexións Europeas co n.º 72 e publicado no Xornal Oficial da Unión Europea do 20 de abril de 2018.

Segundo.- Co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento e reforzar a cohesión económica e social do seu territorio, o AECT Rio Minho ten como atribucións articular o espazo común e promover as relacións de cooperación territorial no seu territorio, aumentar a cohesión institucional desta área e promover o territorio do AECT Rio Minho no exterior, para pór en valor as potencialidades dos seus recursos endóxeos, ademais de facer medrar e consolidar a marca turística transfronteiriza Rio Minho no ámbito nacional e internacional.

Terceiro.- A Deputación é a entidade de goberno e administración autónoma da provincia, dentro da esfera das súas competencias, que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, asegurando a prestación integral e



adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia de conformidade ao establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E, especificamente, o artigo 36.1.d) establece que a deputación é competente en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Cuarto.- A Deputación de Pontevedra desenvolve proxectos de cooperación transfronteiriza en colaboración con diversas entidades territoriais portuguesas co fin de aumentar a cohesión territorial e social dos concellos do Miño transfronteirizo, impulsando a colaboración institucional e social mediante fórmulas estables de cooperación que xeren iniciativas, proxectos e sinerxías capaces de contribuír decididamente ao crecemento intelixente, sustentable e integrador do territorio e da sociedade da raia, no marco da Estratexia Europa 2030.

Quinto.- O territorio do AECT Rio Minho abrangue os concellos do sur da provincia de Pontevedra e as cámaras da rexión do Alto Minho de Portugal, un total de 26 municipios. A finalidade do AECT Rio Minho é a defensa da xestión compartida dos servizos entre todos os actores existentes na contorna do río Miño internacional. A súa Asemblea Xeral aprobou na sesión celebrada en Valença o día 20/12/2021 o Plano de Actividades e Orzamento para a anualidade 2022, na cal contéplase o financiamento do programa “Apoio ás dinámicas locais transfronteirizas” a través dunha aportación extraordinaria por valor de 21.500 €, destinada ao financiamento do 50% do mencionado programa. Este programa vai destinado a fomentar e dar apoio ao conxunto relevante de proxectos a partir das dinámicas bilaterais locais transfronteirizas concretado nas eurociudades. A formalización desta aportación



extraordinaria farase no seu momento mediante cadanseu convenio entre a Deputación de Pontevedra e o AECT Rio Minho e paralelamente contra parte local portuguesa (cámaras municipais de Valença, Monção e Caminha, respectivamente) e o AECT Rio Minho.

Dentro dese programa contémplanse unha serie de actuacións, como é a implantación de solucións de mobilidade suave na Ponte do Centenario de Valença-Tui (prevista no Plano de actividades e orzamento do exercicio 2022 do AECT Rio Minho, páxina 19).

Sexto.- O 25 de marzo deste ano cumpríronse 136 anos do acto da inauguración oficial da ponte do Centenario sobre o río Miño. Esta ponte posee un alto valor simbólico como imaxe das relacións entre Galicia e Portugal, ao tempo que expresa a entrañable unión de Valença e Tui, e grazas á comunicación que posibilita, convirte a estas dúas cidades miñotas nun único espazo cidadán, cunha continuidade urbana que resulta un exemplo único en toda a fronteira hispano-lusa.

As localidades fronteirizas de Tui e Valença pretenden atopar alternativas de mobilidade sostible nun lugar tan emblemático coma a vella Ponte Internacional, en aras de mellorar a comunicación e o tránsito transfronteirizo entre ambas vilas, as cales unen dous polos de gran actividade como é a franxa atlántica de Galicia e o norte de Portugal.

Por tal motivo, as dúas partes, Deputación de Pontevedra e a AECT Rio Miño acordan subscribir o presente Convenio Específico de Colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS



Primeira.- Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto a realización dunha aportación por parte da Deputación de Pontevedra ó AECT Rio Minho para financiar o 50% do coste da elaboración do Estudo para a implantación de solucións de mobilidade suave na Ponte do Centenario de Valença-Tui, no ámbito do desenvolvemento e promoción da cooperación transfronteiriza.

Segunda.- Contido

O AECT Rio Minho contratará a elaboración do Estudo para a implantación de solucións de mobilidade suave na Ponte do Centenario de Valença-Tui, que comprenderá o seguinte contido:

I. Breve descrición da situación actual

Diagnose da situación actual (identificación e definición de problemas e limitacións existentes).

II. Programa base de alternativas de conexión

Levarase a cabo unha definición e análise das posibles alternativas do modelo de paso dende diversos puntos de vista: previsión ambiental, impactos, límites e restricións ambientais; Viabilidade técnica, económica e financeira. Realizarase una descrición xeral e xenérica destes aspectos, apuntando as características máis significativas.

III. Conclusións, recomendacións e síntese

Realización de informes baseados nas conclusións, recomendacións e síntese do traballo.



Terceira.- Orzamento

Os custes máximos estimados da contratación do Estudo son de 22.700 euros (IVA incluído), nos cales inclúese tamén o custo do contrato da asistencia técnica-xurídica de dita contratación, sendo asumidos en partes iguais pola Deputación de Pontevedra (11.350 €) e o Municipio de Valença (11.350 €).

Orzamento desagregado no Anexo I.

Cuarta.- Financiamento da actividade

A Deputación de Pontevedra, recoñecendo o interese do Estudo, comprométese a apoiar financeiramente ó AECT Rio Minho na elaboración do mesmo e na proporción que lle corresponde no valor global de **11.350,00 €** (once mil trescentos cincuenta euros), IVE incluído.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total establecido, a Deputación só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

Os encargos do presente convenio imputaranse contra a Retención de Crédito nº 202200265365, partida orzamentaria 2022.942.9431.491.01 “A entidade transfronteiriza AECT Rio Minho”. Estes gastos correspóndense coa aportación extraordinaria destinada ao programa *Apoio ás dinámicas locais transfronteirizas, “quedando condicionada a autorización e compromiso deste gasto á firma dos convenios correspondentes”*, tal e como se sinala na Dilixencia do Servizo de Intervención e recollido na RP nº 2022006546 (nº expte 2022055790).



A realización deste Estudo para a implantación de solucións de mobilidade suave da Ponte do Centenario entre Tui e é unha das accións previstas no Formulario de candidatura do proxecto SMART_MINO_PLUS “Promoción de las dinámicas de movilidad sostenible en la frontera del rio Miño”, o cal foi presentado á 6ª convocatoria do POCTEP 2014-2020, nas accións de capitalización. Polo que, no caso de que a candidatura fose seleccionada, a acción obxecto deste convenio sería cofinanciada nun 75% con fondos FEDER.

Quinta.- Pagamento e xustificación da actividade

A cantidade referida na cláusula anterior (11.350,00 €) será transferida pola Deputación de Pontevedra ó AECT Rio Miño da seguinte maneira:

- 25% do orzamento (2.837,50 €) tras a sinatura do presente convenio de colaboración, previa solicitude do AECT Rio Minho (Anexo II).
- 75% restante (8.512,50 €) seralle transferido á AECT Rio Minho unha vez realizado o estudo completo, despois da presentación da seguinte documentación:
 - Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación da actividade realizada e dos resultados obtidos.
 - Facturas ou copias de facturas cotexadas ou dos documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo ou os documentos xustificativos correspondentes.
 - Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada.
 - Certificación de gastos polo órgano competente que conteña unha relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se é o caso, datas de pago.



- Certificación da aprobación das facturas e demais documentación xustificativa polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais referidas na cláusula IX.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

O aboamento da achega provincial materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo AECT Rio Minho.

Sexta.- Contratación e execución

1. Corresponderalle á AECT Rio Minho o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación, o AECT Rio Minho axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

Sétima.- Publicidade do financiamento provincial

1. O AECT Rio Minho fará constar de forma expresa o financiamento da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas ou científicas que se deriven das mesmas, así como na publicidade que con tal motivo se faga.
2. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

Oitava.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial realizaranse dende a data da sinatura deste convenio e terán unha duración de 4 meses e deberán estar rematadas polo menos quince días antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo cuarta.
2. Unha vez rematado o Estudo, o AECT Rio Minho deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula quinta no prazo máximo de quince días contado a partir da finalización daquelas.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á AECT Rio Minho para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á AECT Rio Minho da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (6ª a 7ª) das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola AECT Rio Minho na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a AECT Rio Minho terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, devengados desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.



Novena.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

1. O AECT Rio Minho deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

Décima.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1. O AECT Rio Minho destinará os fondos recibidos ao pagamento dos gastos que se acheguen coa xustificación de gasto presentada.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

Décima primeira.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o AECT Rio Minho poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.



2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o AECT Rio Minho queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

3. Do mesmo xeito e consonte o artigo 53.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, comunicaranse ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, segundo corresponda, as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

Décima segunda.- Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se de vindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Base 25ª.14ª das de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño,



de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

Décima terceira.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da AECT Rio Minho serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó AECT Rio Minho será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.



Décima cuarta.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, fíxase un prazo de execución ate o 30 de abril de 2023.
2. Logo da solicitude previa do AECT Rio Minho, realizada polo menos un mes antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado até un máximo de un mes por acordo expreso de ambas as dúas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia e logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Décima quinta. - Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público e demais normativa de aplicación.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao/á Presidente/a da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.



3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo , reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Décima sexta.- Comisión de Seguimento e control

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación creárase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Institucións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do axuste das anualidades do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propor ás partes a resolución das mesmas.



- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Décima sétima.- Resolución

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A



resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

E para que conste, para os efectos oportunos e en proba de conformidade, as partes asinan este convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data arriba indicados.

A Presidenta da Deputación de Pontevedra

O Director do AECT Rio Minho

Asdo.: María del Carmen Silva Rego

Asdo.: Uxío Benítez Fernández

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA -AECT RIO MIÑO- PARA A IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓNS DE MOBILIDADE SUAVE NA PONTE DO CENTENARIO ENTRE TUI E VALENÇA, NO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA

ANEXO I. Orzamento desagregado:

OBJECTO CONVENIO		SEN IVE	IVE (23%)	TOTAL
	ESTUDO	16.855 €	3.877 €	20.732 €
ASISTENCIA TÉCNICA/XURÍDICA	1.600 €	368 €	1.968 €	
TOTAL				22.700 €

ANEXO II. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE ADIANTO

Na cláusula quinta deste convenio “Pagamento e xustificación” establécese que a Deputación de Pontevedra pagará o 25% do orzamento tras a sinatura do presente convenio de colaboración, previa solicitude do AECT Rio Minho.

Este pagamento xustifícase ante a necesidade de dispoñer de fondos para levar a cabo os pagos derivados das accións descritas do convenio.

